

VENRES 17 DE XULLO. NOITE DA VÉSPERA

22.00 Na noite da véspera, O Mariscal dá a benvida a veciños e visitantes e abre as portas da Torre.

22.30 Comeza a arder a Cerna da Istoria. Vinteseis anos de mercado.

22.45 Danzas medievais. As *Doncelas de Reirado* toman o patio de armas coa súa arte.

23.00 Vodas medievais oficiadas por D. Fadrique de Guzmán.

23.30 Música por conta de *Xaramolos*.

SÁBADO 18 DE XULLO. DÍA DO MERCADO

10.45 Roteiro guiado “*Á sombra das lendas*”, da man de *Guía tu día*. Percorrido con inicio na Ponte Nova da Seara e remate no mercado. Anotarse no teléfono 654996857.

11.45 Desfile inaugural de personaxes e persoeiros. Dende o *Mirador da Paz* ata a Torre. Pregón do artista alfocense Hipólito Xeada.

12.30 O Mariscal Pardo de Cela e o Bispo Fadrique de Guzmán nomean e bendicen ós *Escudeiros do Castrodouro* e o seu Alfoz. Animación con *Upsala Medieval*.

13.00 *Mircromina títeres* presenta “*A Princesa*”, no camposo dos títeres.

13.30 Demostración de cetrería na *Aira de María*.

14.00 Asedio ás tabernas. A *Fonda do Cabaleiro* con viño e torrezmos e *A Todamira* con cervexa e bolos preñados sacian a fame e levan os nosos sentidos ao medievo.

Moito ollo con *Aris o Argulario*. A maxia chega ó Castro.

14.30 Hora de xantares e desfrute da oferta gastronómica dos postos do mercado.

Co son de *Souto Xímaro* arranca a tarde, mentres *Aris o Argulario* segue a facer das súas ...

16.00 Animación coas mozas de *Yemaya*.

16.30 Xogos Valecos no *Mesón da Torre*. Loitas de brazos, lanzamentos de caguña, carreiras de pipotes...

17.30 Cetrería. Na *Aira de María* as aves voan de novo.

18.30 O tempo detense. O Palenque do torneo é o protagonista:

Animación con *Yemaya* e *Upsala Medieval*.

Hora das Freguesías. Veciños e visitantes amosan a súa forza e destreza. Tiro de corda, carreira de sacos ...

Revolta Irmandiña Infantil. Os pequenos rebélanse contra os abusos do poder.

Xogos ecuestres.

21.00 Primeiro sorteo de cestas (donativo de comercios locais).

21.30 Gran Cea Medieval. Á luz do lume cearemos: Mazá, bolo preñado, panceta, xamón cocido, pan e viño. Agasallo do prato e cunca conmemorativos desta XXVI edición.

22.30 Danzas medievais coas *Doncelas de Reirado*. Animación con *Yemaya*.

23.15 Escenificación: “*A ponte que detén o tempo*”. Obra de Pepe Peinó.

Remata con conxuro e queimada.

Segundo sorteo de cestas (donativo de comercios locais).

00.00 Concerto final con *Upsala Medieval*.



Ao longo de todo o día haberá demostracións de oficios tradicionais. Pequenos e maiores poderán cocer o seu pan, participar en obradoiros de artesanía e deixar voar a súa ilusión cos xogos do Prado dos sonhos.

Tamén haberá actuacións itinerantes de música con *Upsala Medieval*, de animación con *Yemaya* e de maxia con *Aris o Argulario*.

Os *tickets* para a cea medieval poderán adquirirse na Torre Fortaleza. O prezo será de 18€ por persoa e dá dereito á cea, á queimada e ós correspondentes prato e cunca conmemorativo do **XXVI Mercado Medieval de Alfoz**.